

BASES DA IV EDICIÓN DOS PREMIOS SOFÍA NOVOA ORTIZ Á INCLUSIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO E FIN DE MÁSTER

A promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes é unha das principais liñas de actuación da Deputación de Pontevedra; por iso, un ano máis, potencia a realización de traballos de fin de grao e de fin de máster nos que se integre a perspectiva de xénero.

Tendo en conta a importancia da investigación e do estudo do significado e do alcance da igualdade entre mulleres e homes, que redunda en beneficio do progreso e do benestar do conxunto da sociedade, convócase a cuarta edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á Inclusión da Perspectiva de Xénero nos Traballos de Fin de Grao e Fin de Máster, que se rexerán polas seguintes bases:

1. Obxecto

Fomentar, consolidar e dar a coñecer a inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de máster e fin de grao realizados na Universidade de Vigo, nos campus de Vigo e de Pontevedra.

2. Persoas beneficiarias

A convocatoria está dirixida a todo o alumnado da Universidade de Vigo pertencente aos campus de Pontevedra e de Vigo, que poderá acceder con calquera traballo de fin de grao ou de fin de máster no que se inclúa a perspectiva de xénero e fose presentado, defendido e aprobado durante o curso 2018-2019 en calquera rama de coñecemento.

Os traballos presentados á convocatoria deberán contemplar a perspectiva de xénero ou incorporar o xénero como categoría de análise.

No caso de que o traballo non estea en ningún dos idiomas cooficiais (galego ou castelán) deberá achegarse unha tradución literal nunha destas linguas.

3. Premios

Haberá 3 premios en cada categoría:

- Premios aos traballos de fin de grao:

- Dous premios dotados con 1.000 € cada un
 - Un accésit dotado con 600 €
-
- Premios aos traballos de fin de máster:
 - Dous premios dotados con 1.000 € cada un
 - Un accésit dotado con 600 €

Estes premios estarán suxeitos á retención do IRPF correspondente á lexislación vixente no momento da resolución.

O aboamento dos premios efectuarase mediante un ingreso directo na conta bancaria da que sexa titular a persoa beneficiaria.

A contía asignada para estes premios imputarase á aplicación orzamentaria 19/250.2315.480.02 do Orzamento ordinario do organismo provincial.

O xurado reservará o dereito a declarar deserto calquera dos premios ou accésits.

4. Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Opcionalmente poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Unha vez recibidas as solicitudes as persoas que reúnan os requisitos da convocatoria recibirán un código de inscrición que permitirá a recepción do traballo por vía electrónica. A persoa solicitante recibirá no seu telefono móbil unha mensaxe SMS na que se lle indicará a activación do código web asignado ao seu traballo.

Co fin de garantir o anonimato do traballo, este presentarse segundo o procedemento que se indica:

- Entrega do traballo por vía telemática: tras a recepción do código web comezará o proceso de entrega do traballo, que deberá presentarse nun ficheiro en formato PDF. A primeira parte do documento será un resumo de 500 palabras do traballo que se presenta. Este documento non deberá conter ningún elemento identificativo sobre a súa autoría ou titoría.
- Unha vez recibido o traballo por vía telemática a persoa solicitante recibirá no seu correo electrónico a confirmación de que o proceso se realizou correctamente xunto cunha copia do documento rexistrado.

O Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación custodiará o emparellamento do código de inscrición e o código web ata que se coñeza o ditame do xurado, momento no que se realizará o dobre emparellamento dos códigos e se coñecerá a autoría dos traballos premiados.

As persoas participantes garantirán que os traballos e os contidos presentados son orixinais e non infrinxen dereitos de terceiras persoas e, serán responsables das infraccións que poidan causar neste sentido.

Non poderán presentarse aqueles traballos que fosen premiados noutras convocatorias ou concursos. Se se presenta o mesmo traballo a convocatorias simultáneas e este resulta premiado a persoa adxudicataria deberá manifestar a renuncia expresa e formal se acepta outro premio.

A presentación de solicitudes farase a partir do día seguinte ao da publicación das bases desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO). O prazo de presentación finaliza o **27 de setembro de 2019** e a data límite para a entrega dos traballos por vía telemática é o **4 de outubro de 2019**.

5. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas solicitantes

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar o documento correspondente.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención destes datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

6. Documentación

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitud a seguinte documentación:

- Modelo de solicitud cuberto (anexo I)
- Certificación académica da titulación correspondente, coa data de presentación do traballo e a cualificación obtida

Se a documentación achegada estivese incompleta ou presentase erros rectificables (indicados na convocatoria) requiriráselle á persoa autora do traballo que, no prazo de dez días hábiles, complete a documentación ou corrixa as deficiencias; no caso de non o facer desestimarase a súa solicitud.

7. Procedemento, xurado e resolución

Os traballos gañadores serán seleccionados por un xurado, nomeado para estes efectos por Resolución presidencial, que estará composto por:

- Presidenta: a presidenta da Deputación ou a persoa en quen delegue
- Vogais: a deputada delegada de Igualdade ou a persoa en quen delegue, unha técnica do Servizo de Igualdade e dúas persoas pertencentes ao persoal docente e investigador (PDI) da Universidade de Vigo
- Secretaria: a xefa do Servizo de Igualdade

O xurado analizará os traballos presentados e valoraraos tendo en conta os seguintes criterios:

- Calidade do traballo presentado (de 0 a 30 puntos)
- Relevancia e carácter innovador da súa temática e metodoloxía (de 0 a 20 puntos)

- Aplicabilidade práctica das achegas do estudo (de 0 a 15 puntos)
- Uso de linguaxe inclusiva (de 0 a 15 puntos)
- Uso da lingua galega (de 0 a 10 puntos)
- Referencias e fontes bibliográficas (de 0 a 10 puntos)

O xurado poderá contar coa presenza e a asistencia de persoas expertas nas diferentes áreas e solicitar tanta información adicional considere oportuna para a súa resolución.

O ditame do xurado será inapelable e poderase declarar deserto o premio no caso de que os traballos non reúnan a calidade suficiente. Este ditame comunicaráselle directamente á persoa gañadora e farase público en www.depo.gal. Os premios entregaranse nun acto institucional organizado pola Deputación.

As persoas que integren o xurado percibirán as indemnizacións correspondentes ás axudas de custo e desprazamentos pola asistencia ás xuntanzas das que exista acta. Estes gastos imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 19/250.2315.226.99.

A concesión do premio non implica a perda da propiedade intelectual. A Deputación de Pontevedra poderá publicar os traballos premiados, facendo constar sempre a autoría.

Un exemplar de cada traballo premiado quedará depositado na biblioteca da institución provincial.

8. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable" dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

A participación na convocatoria implica a aceptación destas bases.